



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por medio da presente se publica o acordo adoptado polo Pleno da Corporación de Alfoz en sesión ordinaria de data vinte e cinco de setembro de dous mil vinte e cinco sobre actualización de importe das retribucións en réxime de dedicación parcial da Alcaldía, aos efectos oportunos :

PRIMEIRO.- Aprobar a actualización do importe das retribucións correspondentes á dedicación parcial do cargo da Alcaldía, por importe de 20.426,68 euros brutos anuais, a percibir en dez pagas (de setembro a xuño) e con cláusula de revisión/actualización anual conforme o indicado dende a Xunta de Galicia para o seu persoal funcionario de educación, con efectos dende o 08 de setembro de 2025, (engadido), data do acordo de concesión de redución de xornada pola Consellería de Educación á actual Alcaldesa, por darse os requisitos contemplados no artigo 39.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- Tomar coñecemento da actualización do horario mínimo da dedicación parcial da Alcaldesa do Concello de Alfoz para o curso escolar 2025-2026: de luns e venres, de 8,00 a 14.00 horas, martes de 13 a 15 horas, mércores de 12 a 14 horas e xoves de 12 a 14,75 horas, nos meses de setembro a xuño, ambos inclusive, do curso escolar 2025-2026.

TERCEIRO.- O presente acordo será publicado no Boletín oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos da Corporación

CUARTO.- De conformidade co indicado no artigo 5.3 da lei 53/1984, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, comuníquese á Consellería de Educación o presente acordo."

Alfoz, 26 de setembro de 2025.- A alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 2676

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Alfoz en data 26 de setembro de 2025 adoptou un Decreto que di:

1.- Delegar na concelleira dona Judit Casabella Pardeiro, con DNI número ***8216** a celebración do matrimonio civil entre dona Cristina Gómez Sánchez, con D.N.I. número ***8474** e don Miguel Machado Prieto, con DNI número ***8288**, a celebrar o día 11 de outubro de 2025 ás 13:30 horas nesta Casa Consistorial do Concello de Alfoz.

2.-Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro.

Alfoz, 26 de setembro de 2025.- A alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 2677

BEGONTE*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón do mes de setembro de 2025, correspondente ás clases dirixidas do ximnasio municipal do curso 2025/2026, por un importe total de 1.310,00€.

O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 26 de setembro de 2025.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2678

COSPEITO*Anuncio*

Aprobada inicialmente a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cospeito, por Acordo do Pleno de data 25/09/2025, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección [https:// http://concellodecospeito.sedelectronica.es](https://http://concellodecospeito.sedelectronica.es)].

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Cospeito, 26 de setembro de 2025.- O alcalde, Armando Castosa Alvarinho.

R. 2679

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 25/09/2025, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito (MC 1/2025) por importe de 58.007,93 €, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 26 de setembro de 2025.- O alcalde, Armando Castosa Alvarinho.

R. 2680

Anuncio

Aprobada inicialmente, por acordo do Pleno de data 25/09/2025 a modificación das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2025 con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado a modificación considerárase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Cospeito, 26 de setembro de 2025.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 2681

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio de 2025

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 31 de xullo de 2025, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico de 2025. O orzamento estivo exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días hábiles. Durante dito prazo presentáronse alegacións, as cales foron desestimadas polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 25 de setembro 2025, na que se aprobou definitivamente o orzamento municipal conforme ao acordo aprobado inicialmente na sesión plenaria de 31 de xullo, polo que se fai pública a aprobación definitiva do orzamento xeral de 2025 resumido por capítulos, de conformidade co disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

ESTADO DE GASTOS

	Clasificación económica - Resumen general	
	A.- OPERACIONES CORRIENTES	
Cap.	Descripción	Consignación
1	GASTOS DE PERSONAL	1.554.690,66
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	3.649.266,04
3	GASTOS FINANCIEROS	72.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	293.130,98
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00
	Total operaciones Corrientes	5.569.087,68
	Clasificación económica - Resumen general	
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
Cap.	Descripción	Consignación
6	INVERSIONES REALES	3.248.451,23
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	133.915,78
	Total operaciones de Capital	3.382.367,01
	Total Presupuesto	8.951.454,69

ESTADO DE INGRESOS

	Clasificación económica - Resumen general	
	A.- OPERACIONES CORRIENTES	
Cap.	Descripción	Consignación
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.651.000,00
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	220.000,00
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	2.883.558,54
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	2.904.252,71
5	INGRESOS PATRIMONIALES	0,00
	Total operaciones Corrientes	7.658.811,25
	Clasificación económica - Resumen general	
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
Cap.	Descripción	Consignación
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.292.643,44
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
	Total operaciones de Capital	1.292.643,44
	Total Presupuesto	8.951.454,69

Publícase tamén o cadro de persoal desta Corporación, de acordo co preceptuado no art. 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril:

CADRO DO PERSOAL. EJERCICIO 2025

A) PERSOAL FUNCIONARIO			
ESCALA/SUBESCALA	NÚMERO DE PRAZAS	GRUPO	VACANTES
1.- HABILITACIÓN NACIONAL			
Secretario/a (Secretaría entrada)	1	A1	0
Interventor/a (Intervención-Tesourería entrada) (agrupación co concello de Outeiro de Rei en fase de disolución)	1	A1	0
Tesoureiro/a (Intervención-Tesourería)	1	A1	1
2.- ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL			
2.1. SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
Administrativo/a	3	C1	1
2.2. SUBESCALA AUXILIAR			
Auxiliar administrativo/a	3	C2	1 (1 FUNC. INTERINO)

2.2. SUBESCALA SUBALTERNA			
Conserxe	2	A.P. (E)	
Vixiante	1	A.P. (E)	1 (FUNC. INTERINO)
3.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
3.1. SUBESCALA TÉCNICA			
Arquitecta	1	A1	
B)PERSOAL LABORAL FIXO			
DENOMINACIÓN	NÚMERO DE PRAZAS	VACANTES	
Arquitecta técnica	1	0	
Animadora sociocultural	1	0	
Monitor deportivo	1	0	
AEDL	1	0	
Educadora familiar	1	0	
Oficial 1ª Serv. múltiples	1	0	
Oficial 2ª Serv.múltiples	3	1	
Limpiadora	1	0	
C) PERSOAL EVENTUAL			
	NÚMERO DE PRAZAS	VACANTES	
	1	1	

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

Outeiro de Rei, 26 de setembro de 2025.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2682

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE AGOSTO DE 2025

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 11 de Setembro de 2025 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Agosto de 2025 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Agosto de 2025: 1.735,72 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de outubro de 2025 e o 01 de Novembro de 2025. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as

liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 23 de setembro de 2025.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2683

SAMOS

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 06.08.2025 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 1º trimestre de 2024, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en Abanca, noutro caso.

Fixase como período de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recadación.

Samos, 23 de setembro de 2025.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2684

SARRIA

Anuncio

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE AGOSTO DE 2025**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación , aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 26 de setembro de 2025.- O alcalde-presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2685